


Unidade didáctica



Queridos/as "profes":

Velaquí tedes unhas cantas propostas para traballar ou se cadra seguir gozando do espectáculo de Migallas Teatro "O libro máxico". A nosa intención é que os/as nenos/as realicen actividades divertidas tras asistir á representación. Vós mesmos/as sodes as persoas máis indicadas para seleccionar as actividades que vos parezan máis interesantes así como para efectuar as variantes que consideredes necesarias. Tamén vos animamos a crear propostas novas e a facernos calquera tipo de suxestión ou de consulta. Podedes atoparnos en:

"Migallas Teatro"
Rúa de Erín, 2 4º C
Monte Porreiro
36162 PONTEVEDRA

no teléfono e fax nº 986 86 47 57 ou no correo electrónico:

migallas@migallas.com www.migallas.com.

Esperando que estas propostas vos resulten útiles, recibide unha aberta de:

María Campos e Carlos Yus

ESCENA 1: Rosiña e o pai.

1. Rosiña aparece saltando e imitando un animal

¿De que animal se trata?

¿Que conto está lendo?

Xogo de presentación

En rolda. I mos saíndo ó centro do círculo andando como se fóssemos un animal. Ó chegar ó centro presentámonos ante os/as nosos/as compañeiros/as dicindo *Eu son...+ un son ou xesto do animal* e volvemos ó sitio. Despois o/a profesor/a dará unha palmada e toda a rolda ó mesmo tempo intenta imitalo o máis fielmente posible. Importante evitar risas .

2. ¿Que esconde Rosiña detrás dela?

¿Onde le contos?

¿Onde les ti contos?

3. ¿De que ten medo Rosiña cando queda soa?

¿De que tes medo ti?

Fórmula máxica para quitar o medo:

Debuxamos as cousas que nos dan medo. Logo xuntámolas todas e rompémolas en anaquiños. Metemos todos os anaquiños nun frasco; botámoslle perfume e dicimos as palabras máxicas: ¡CHIS GARABÍS RASPLÍS! O medo desapareceu.

4. ¿Que fai Rosiña ó quedar soa?

¿Que fas ti cando quedas só/soa na casa?

5. Completa o que hai escrito na portada do libro:

Cando esteas

e non saibas que facer

colle un libro,

Todo pode

¿Por que terá isto escrito?

6. ¿Que ocorre cando Rosiña abre o libro?

*Poderás ser un pirata
moi valente e moi rufián
pelexar con "alimañas"
e un tesouro atopar.*

1. Rosiña e Escarapote viven unha aventura no mar antes de chegar á illa do tesouro.

A aula, ximnasio ou aula de expresión corporal convértese nun mar. No mar nadamos con diferentes estilos; mergullámonos; pescamos; navegamos en barcos (colchóns); remamos nunha barca de dous, de tres, de catro, ¡de vinte e cinco!; chegamos a illas (colchóns)... ¡pasámolo guachi!

2. Facer un MAPA do TESOURO.

Dentro do Tesouro pode haber: Contos, globos....

O Tesouro pode escondelo o/a profesor/a. Para atopalo hai que superar probas; resolver problemas; buscar no dicionario; ir á biblioteca ou dar "chumbalagatos"

¡Xoga cos teus alumnos!

O Tesouro pódeno esconder os alumnos. Pode haber varios tesouros. Xogamos en grupos. Cada grupo debuxa o plano do tesouro que agochou e dállo a outro grupo para que o busque.

3. Os *Gorilus Peludas* caracterízanse por ter os *sentidos moi desenvolvidos*.

¿Que significa desenvolvidos?...

¿Que probas lle fan Rosiña e Escarapote?

-oído

-tacto

As *Cacatúas Narigudas* caracterízanse por ter os *sentidos invertidos*.

¿Que significa ter os sentidos invertidos?

¿Como o comprobamos Escarapote e Rosiña?

-olfacto
-gusto

¿Cal é o sentido que falta por comprobar?

Imos comprobar que tal están os nosos sentidos e para iso nada mellor que a ¡Gran Festa dos Sentidos!.

VISTA

Dividimos a clase en dous grupos. Colocámonos por parellas unha fila en fronte da outra. Observamos atentamente a nosa parella. A continuación unha fila sae da clase. Cada nen@ fai 3 cambios no seu vestiario. Volvemos ocupar o noso lugar de inicio. Por parellas van dicindo os cambios en alto.

OÍDO

Cos ollos pechados.

Escoitamos ruídos de diferentes ambientes e recoñecémoslos.

cidade/mariño

motos/paxaros...

Escoitamos músicas moi diferentes. Agora formamos parte dun grupo de música. Cada vez que cambia a música cambiamos de instrumento (guitarra, frauta, dirixir,...)

OLFACTO/GUSTO/TACTO

@s nen@s traerán da casa cousas que teñan diferentes sabores, olores e tactos.

Ollos vendados con panos da cabeza.

Música suave.

Traballar en silencio.

O/A profesor/a buscará a maneira de facer a actividade dependendo da idade dos nenos e do que se traballase con eles.

Posibilidades:

A) Por parellas. Un fai de "lazarillo" e o outro leva os ollos vendados. O "lazarillo" guiará o seu compañeiro polo espazo e iralle dando diferentes cousas para que sinta, toque, ula.... Despois dun tempo que o/a profesor/a considere oportuno farase o cambio e o que foi "lazarillo" será agora cego.

B) Pequenos grupos sentados adiviñan o que o/a profesor/a lles vai dando a ulir, tocar ou probar.

Poderase traballar en sesións diferentes ou unidos nunha mesma sesión. Ó final comentamos as sensacións agradables e desagradables e podemos despois:

- Pintar as diferentes sensacións
- Contar un conto que teña que ver coas vivencias: "A que sabe a lúa" , "A casa de chocolate", "A familia sabores"...
- Rematar coa merenda dos alimentos que trouxeron @s rapaces/as para adiviñar.

4. O pirata Escarapote e Rosiña ven cousas moi diferentes dentro da cova

Rosiña ve...	Escarapote ve...
un rabo	un chourizo
unhas orellas	unhas filloas
uns ollos	uns ovos fritos
unha boca	unha rosquilla.

¿que é en realidade?

Debuxa un león tal e como o ve Escarapote.

Faino a modo de colaxe recortando de revistas de cociña.

Fai outros animais da mesma maneira. Xoga a que os teus compañeiros adiviñen despois de que animal se trata.

5. Escarapote e Rosiña teñen que tirar dunha corda axudados polo público para sacar o león.

Actividades cunha corda invisible: tirar todos no mesmo sentido; tirar en dous grupos en sentido contrario (unhas veces arrastran uns, outras veces outros); saltamos á corda...

Podemos inventar outros xogos con outros elementos invisibles como unha pelota, un globo, etc.

6. Rosiña e Escarapote quitan unha foto co león.

Podemos quitar fotos con cámaras invisibles.

- Poñemos música e movémonos ó seu ritmo. Ó parar esta quedamos quietos.
- Poñemos caras de risa, de medo, de pallasos, etc. e imos facendo fotos.

7. ¿Que che gustaría que houbera no tesouro?
Descríbeo e debúxao.

8. Inventa o final desta historia.

ESCENA 3: Rosiña e o xenio da lámpada.

*Poderás ir ata Arabia
nunha alfombra a voar
acompañado dun xenio
saudar a Alí-Babá*

1. Rosiña ten un cesto do que saca teas coas que se vai disfrazando .

Facer un BAÚL de DISFRACES.

Informamos as nais e pais dos nenos sobre a actividade.

Cada nen@ traerá da casa unha peza. Un día traemos unha tea.

Outro elixiremos entre: sombreiro, guantes, panos da cabeza, abano, lentes, zapatos grandes...

Pouco a pouco iremos facendo o noso BAÚL de DISFRACES.

O Baúl seranos moi útil para representar contos que se traballen na clase, para unha presentación ou improvisación na clase de inglés ou simplemente para pasalo ben a modo de distensión nun momento do día.

Desfile de Moda.

Maquillaxe.

Creación de personaxes fantásticos...

2. ¿Que tres desexos lle pide Rosiña ó xenio?

¿Que tres desexos lle pedirías ti?

3. Rosiña ten que imaxinar un pastel de chocolate e comelo.

Facer xestos e que os demais adiviñen. Poden ser sabores: amargo,

doce, salgado, insípido, repugnante, riquísimo..., ou cousas que se comen: sopa, zanco de polo, ovo frito, chocolate, chicle, un bocadillo enorme, leite, un plátano, etc...

4. Xusto no momento en que o xenio vai saír da lámpada soa o teléfono e non aparece. Imaxina ti o xenio e descríbeo. Despois debúxao e pinta.

5. O xenio esquece as lentes dentro da zapatilla. Debuxa en cartolina, pinta e recorta unhas lentes divertidas.

6. Inventa o final desta historia.

ESCENA 4: Rosiña e o can Papán.

*Poderás ser un pallaso
e disfrazar o teu can,
facer rir a todo o mundo
como fai o can Papán.*

1. ¿Por que estaba triste o can Papán?
¿Por que hai cans abandonados? ¿Coñeces algún? ¿Sabes a súa historia?

2. Rosiña intenta animar o can dicíndolle que pode aprender moitas cousas e ser famoso. ¿Lembras cales son?

1. ¡O gran can Papán, que sabe i.....!
2. ¡O gran can Papán, que sabe m.....!
3. ¡O gran can Papán que sabe xogar ó f.....!

O can non sabía facer nada diso pero si sabía facer á xente. Por iso Rosiña converteuno nun can pa.....

3. Facer de cans e cadelas.

Imitamos a forma de comportarse dos cans: rañamos a orella; ladramos; bafexamos coa lingua fóra; facemos cariños; levantamos unha pata, etc.

4. Debuxa o can Papán, o circo e Rosiña.

5. Facede un circo na clase con diferentes actuacións.

Pode haber pallasos, un mago, saltimbanquis, malabaristas, cabalos, domadores de feras, osos, elefantes, focas, e... todo o que se vos ocorra. ¡Ah!, non esquezades a banda de música nin o/a presentador/a.

6. Inventa o final desta historia.

7. Actividade para @s "profes" que son "guachis".

O can estaba triste porque alguén lle dixera que non valía para nada. Non se lle daba ben o inglés nin as matemáticas nin o fútbol... pero era un can simpático que facía rir os demais. Só necesitaba que alguén como Rosiña confiase nel, algún aplauso, moito cariño e ...

¡O gran can Papán do circo!

Agora tócache a ti. ¡I mos xogar ó teatro!

Ti vas ser Rosiña

Seguramente coñecerás algún/algunha nen@ que poida facer o papel de Papán.

O éxito da obra está asegurado e o aplauso valo escoitar no teu interior.

Pecha os ollos e... ¡comeza a función!.

ESCENA 5: Rosiña e o pai.

1. ¿Por que está feita a conta?

¿Por que Rosiña ten os dentes manchados de chocolate?

¿Cal foi o terceiro desexo que lle pedira ó xenio? ¿Cumpriuse?

2. ¿Que lle pasa ó pai cando empeza a ler o conto?

¿Por que se asustou?

¿Por que o pai esconde o libro detrás?

¿Recórdache algunha outra escena da obra?

3. Rosiña cambia a imaxe do pai porque lle parece demasiado seria.

Debuxa os obxectos que lle pon:

1. Ponlle o do pirata.

2. Ponlle as do xenio.

3. Ponlle un de pallaso.

4. Rosiña coa súa imaxinación transforma as ESCADAS en moitas cousas.

¿Acórdaste de cales eran?

un bar.....	unha co.....
a auga do	unha por.....
unha gaio.....	un cir....

Agora tócache a ti imaxinar e transformar.

Colle a túa CADEIRA e ja xogar!: coche, barco, avión, carreta... (ver lámina).

5. ¿Que recoñece finalmente o pai? Que a el cando era pequeno tamén lle gustaba..

6. ¿Por que son máxicos todos os libros?

7. Escoita, aprende, canta e baila a canción do libro máxico.
Representade cada estrofa por grupos.

Estas actividades poden complementarse con outras moitas relacionadas coa lectura como por exemplo xuntar e ler contos e libros que traten de:

- piratas e tesouros,
- xenios, lámpadas marabillosas, desexos,
- o circo, pallasos, cans
- marcianos, naves espaciais, etc.

O Grupo de Teatro Migallas acaba de encargarche un cartel para anunciar a súa obra "O libro máxico". Colle pinturas e todo o que se che ocorra e...¡Mans á obra!

O LIBRO MÁXICO

Cando esteas aburrido
e non saibas que facer
colle un libro, meu amigo.
Todo pode suceder.

I maxínate voando nunha alfombra.
I maxínate cruzando o ancho mar.
I maxínate cun can saltando á corda.
I maxínate nunha nave espacial.

Poderás ser un pirata
moi valente e moi rufián,
pelexar con "alimañas"
e un tesouro atopar. (Bis)

I maxínate ...

Poderás ir ata Arabia
nunha alfombra a voar,
acompañado dun xenio
saudar a Alí-Babá.(Bis)

I maxínate...


Poderás ser un pallaso
e disfrazar o teu can,
facer rir a todo o mundo
como fai o can Papán.(Bis)

I maxínate ...


Poderás ir nunha nave
polo espazo sideral,
descubrir unha galaxia
e cun marciano xogar.(Bis)

I maxínate ...

Migallas, CD "¡Canta connosco!"



LAMINA



INDIVIDUAL

